

Torrente Ballester, fantástico realista

RAMÓN CHAO*

Gonzalo Torrente Ballester formaba parte do grupo de “cazadores intelectuais”, o cal roza co oxímoro, que durmían unha ou dúas veces ao ano no Hotel Chao de Vilalba (Lugo), entre eles Álvaro Cunqueiro e José María Castroviejo. Un día apareceron estes con Torrente, un escritor principiante. Como adoitaba facer, meu pai induciunos a subir ao primeiro piso para que me escoitasen tocar no piano “*O Lago de Como*”, a peza ridícula e meliflua que tanto me enalteceu (1). Torrente debía ter uns corenta anos e eu, pobre de min, sete ou oito; pero xa me arranxaba moi ben coas corcheas e fusas para impresionar tantos señorazos.

Aínda que a memoria se me vaia malogrando cos anos, quedame o recordo dun home comunicativo, sarcástico malia a súa aparente timidez e miopía, que gastaba lentes afumados “de cu de botella”, como dicíamos. Poucas veces interviña nas charlas. Escoitaba con moita atención, asubiaba melodías que lle saían de dentro e gozaba cantando aquilo de “sola, fanée y descangallada...”

Estou a falar de mediados dos anos 1940, en pleno furor franquista. Meu pai era republicano manifesto e non apreciaba os clientes que escribían poemas á gloria de José Antonio. O peor visto era Torrente, un dos teóricos do fascismo español, colaborador de *Jerarquía. La revista negra de la Falange*. Desculpas non lle faltaban: o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 pillárao en París. Sen darlle maior importancia, ao cabo de dous meses volveu a Galicia. Dende o autobús que o levaba a Ferrol viu que as cunetas estaban sementadas de fusilados. Nada máis chegar, o cura parroquial aconselloulle que se alistase na Falanxe. Pagouno caro: o reitor do distrito universitario de Santiago nomeouno auxiliar na comisión depuradora do profesorado no Ferrol para eliminar os republicanos do escalafón, nalgúns casos mesmo fisicamente. Malia todo, o meu pai agasallábo, que un mal día ben podería sacalo de apuros.

Axiña, don Gonzalo abandonou semellante función. Igual có catalán Josep Pla e o seu amigo Álvaro Cunqueiro, deixou as quincallas franquistas e adoptou a consigna do seu mestre James Joyce: “¡Que a patria morra por min!” A súa arma sería a escritura, impregnada pola sintaxe, o ritmo e o vocabulario galaicos; ademais do humor sarcástico, un cómico entre o grotesco e o macabro sen abandonar o rigor intelectual.



De neno, dende a ventá podía ver, nun lado, os estaleiros de Ferrol; no outro, *o orballo*, con sombras de labregos tirando de arados romanos. Pola noite axexaba a aparición da Santa Compañía, procesión de almas condenadas a vagar polas *corredoiras*. Na cabeza do pequeno Gonzalo mesturában-

se visións do outro mundo coas imaxes cotiás, de modo que máis tarde puido dicir, a xeito de epitafo: “Ferrol me fecit”. Como resultado, a súa obra dramática *El viaje del joven Tobias*, publicada en 1938 nunha colección dedicada a temas bélicos, na que se fusionan elementos realistas e fantásticos, será censurada polas súas “escenas lúbricas”.

Aos dezasete anos foi estudar Dereito a Asturias. Pero xa a vocación botara raíces nel grazas á lectura de Heine, Byron, Musset, Victor Hugo e Rubén Dario, libros que lle traía de París o seu pai librepensador. Isto valeulle o alcume de “o surrealista”, posto polos seus compañeiros de Oviedo. En 1931 instálase en Madrid, onde colabora no xornal anarquista *La Tierra*, frecuenta a Valle-Inclán e asiste aos cursos de Ortega y Gasset: “Ensínoume a pensar. Limpoume a peluxe provincial que me atascaba o cerebro e fixo de min, intelectualmente, un home. “

A súa primeira novela, *Javier Mariño*, de 1943, en parte autobiográfica, está situada no París de 1936, agrídoce recreación das vivencias dun protagonista aterrado que se busca a si mesmo. De calquera xeito, Torrente houbo de esperar ata os 62 anos para gañar o recoñecemento xeral. Dende entón chovéronlle as distincións: foi un dos profesores e literatos españois máis aclamados, galardoado co Premio Cervantes, o Príncipe de Asturias das Letras e o Nacional de Narrativa, entre outros moitos.

A principios dos anos 1980 saíu a miña novela *El Lago de Como*. Polo meu bo amigo Luís Álvarez Pousa souben que Torrente votara ao meu favor para que me desen o Premio Nacional de Literatura daquel ano. Por sorte, Juan Goytisolo obtivo máis sufraxios ca min e non se cometeu ningún atropelo. Cando, en 1994, se publicou en Francia a súa novela *Fragmentos de Apocalipsis*, o diario *Le Monde* envioume de París a Salamanca -onde el fora vivir escapando da humidade- para entrevistalo. Subín ao quinto piso dun edificio modesto. Atento e afable, invitoume a un té e púxose á miña disposición: “¿Sabe vostede que xa redactei a charla que imos manter?”, díxenlle de entrada. “¡Que me di! Entón, ¿por que veu dende tan lonxe?” “Para coñecelo. Mellor dito, para volvelo ver. A principios de 1940, vostede fora con Álvaro Cunqueiro á Feira dos Capóns de Vilalba. Meu pai, dono do Hotel Chao, aconselláballes os mellores exemplares para elixir. Eu era un cativo e impresionábanme vostede, Castroviejo, Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, tan célebres... “ “¿Célebres? Naqueles momentos escribíamos nunha soidade absoluta. Cunqueiro e eu estábamos a centos de leguas do famoso “realismo” entón imperante. Nin sabíamos o que quería dicir, e eu aínda o ignoro.” “¿Pode-

ría dicirse que o ostracismo que sufriu vostede durante máis de trinta anos se debeu ao seu rexeitamento do xénero realista que se practicaba en España?” “¡As cousas seguen igual! A literatura máxica nunca foi aceptada polos casteláns, en gran parte debido a circunstancias históricas; pero tampouco acataban o que poderíamos chamar o “principio de verosimilitude”. Dito doutra forma, a singularidade da cultura castelá repousa nun substrato austero que segue vixente, tanto como nun substrato moralizador. En Galicia estamos moi afastados deste tipo de representación; vivimos noutro sistema.”

Contra vento e marea, Torrente constrúe o seu “fantástico realista” sobre outra teoría do real: a fantasía é un obxecto verbal, cuxa existencia se fundamenta no feitizo das palabras. “Naquela época, por 1983, os españois sentiámonos achicados polo auxe da literatura latinoamericana. Tiñamos unha especie de complexo de inferioridade”, dixo. “Algúns dixeron que vostede se inspirara ou plaxiara *Cien años de soledad* para escribir *La saga/fuga de J.B.*”

En efecto, o incipit desta novela fai pensar en calquera autor do “realismo máxico”: un pobo imaxinario de Galicia chamado Castroforte del Baralla ponse a levitar para rexeitar un invasor. O seu último sentido non se desvelará ata o final, no que se advirte a desaparición do Corpo Santo e das lampreas que proliferan no río Mendo. O libro prosegue cunha “*Balada incompleta y probablemente apócrifa del Santo Cuerpo Iluminado*”, na que se narra o descubrimento dunha barca cunha urna de cristal na que repousa o corpo incorrupto dunha muller. O Bispo Bermúdez concédelle a custodia do Corpo Santo e as esmolas que se perciban ao mariñeiro que o atopou, a condición de que se encargue de retellar a igrexa. Máis marabilloso, imposible.

Pregunteillo a García Márquez e explicoume: “No Caribe viven miles de galegos. Nesas condicións é normal que xurdise unha literatura de aparecidos e de fantasmas. Pero se alguén plaxiou alguén, ese fun eu. Toda a materia prima do meu libro está formada polos contos e lendas que me contaba para durmirme a miña avoa, que era galega.” “¡As miñas avoas -díxome Torrente Ballester- tamén eran galegas, polas dúas partes! Iso proba que o destino dun home fórxase na súa infancia, e que elas me axudaron a ser escritor.”

En 1966, Torrente asina un texto contra a represión dunha folga de mineiros en Mieres. Por todas as partes o critican: a esquerda desconfía dun “falanxista desilusionado” e a dereita non lle perdoa a súa “traizón”. A prensa -toda franquista- aproveita para atacalo e o goberno para expulsalo do seu cargo de profesor da Escola Naval. Finalmente, houbo de aceptar a cátedra de profesor de Literatura na State University of New York, en Albany (Nova York), como profesor distinguido. Viviu cinco anos en Estados Unidos. Ao regresar atópase con que, en España, seguen mandando os mesmos círculos literarios e idéntica obstinación dos escritores en practicar o realismo social. En cambio, na maleta trae o manuscrito desa obra decididamente fantástica, *La saga/fuga de J. B.*

Todo o anterior escribírao eu de antemán en París, baseándome nas súas obras, na análise destas por diversos estudosos, e en entrevistas publicadas en Francia e España. Publicouse in extenso no diario francés *Le Monde* do 19 de marzo de 1994. Souben polos seus fillos que a Torrente lle agradara a experiencia e podía contar con el para outra.

Un par de anos despois fun visítalo, en compañía do chorado Carlos Casares, á súa casa da Ramallosa, na provincia de Pontevedra. Andaría polos oitenta anos e mostrábase coqueto e sedutor. Había alí dúas rapazas moi atractivas, e el oufanábase de pou-

sar con elas para que o fotografasen entre “una morena y una rubia, hijas del pueblo de Madrid”, cantaruxaba como don Hilarión en *La Verbena de la Paloma*. Pois si, alí usei proporlle outra colaboración. Acababa eu de publicar *La pasión de la Bella Otero*, e supuxen que non lle desgustaría escribir unhas oito ou dez páxinas sobre a nosa paisana. O pintor Bonifacio ilustraríaas con outras tantas litografías para a editorial Raíña Lupa. Aceptou sen reparos, e o cofre con texto e ilustracións editouse en París en 2000 (2). Saíu caro: uns 2.400 euros. Teñan en conta que se trata dun texto inédito de Torrente Ballester e seis litografías orixinais de Bonifacio, un dos grandes pintores españois, numeradas e asinadas. Carlos Casares encargouse da tradución ao galego e Ignacio Ramonet e eu ao francés.

Ao rematar aquela visita, Carlos Casares, presidente entón do Consello da Cultura Galega, invitounos a cear na súa casa, a un par de quilómetros da Ramallosa. Un lugar fascinante con xardín, piscina, animais soltos polo verde e unha colección de locomotoras en miniatura como eu nunca vira, que Carlos coleccionaba e trataba como tesouros. “Ven aquí cando queiras e con quen queiras -ofreceume Carlos-. Temos dous cuartos para os amigos.” Ensinoume un deles: cama dobre, cadeiras, mesa, todo de madeira e un piano de cola Pleyel. “Si, ven este verán -insistiu Torrente-. Poderemos falar longo e tendido.”

Regresei a París co firme propósito de volver o ano seguinte, e estendín o convite á miña muller. Pero indo unha mañá ao taller de Miquel Barceló pola rúa de Rivoli sentínome mal. Uns pasos máis e caio ao chan. Recolléronme uns transeúntes, e ante a miña negativa de que chamasen unha ambulancia, deixáronme alí tirado. Dúas veces me erguín, outras tantas volvíen caer, pero á fin cheguei á casa de Barceló. Abondoulle con verme a cara para chamar inmediatamente un taxi que me levase á miña casa. No mesmo coche fomos a miña muller e eu de hospital en hospital ata dar co Lariboisière, onde me diagnosticaron un derramo cerebral. Pasei uns cantos meses alí, e logo seis ou sete de recuperación: memoria, marcha, equilibrio, dicción. Cando recobrei todos os sentidos decateime de que, no entrementes, desapareceran Torrente Ballester e Carlos Casares. Ou sexa, que quedei sen vacacións, sen Pleyel e sen dous amigos recentes.

NOTAS

- * Tiramos este artigo do blog de autor <https://ramonchao.wordpress.com> quen autorizou a súa publicación e versión ao galego que realizou Miguel A. Mouriño. Publicado inicialmente en *Le monde diplomatique*.
- 1 Léase Ramón Chao, *El Lago de Como*, Argos Vergara, Barcelona, 1983.
- 2 *Cofre de la Bella Otero*, Editorial Raíña Lupa, c/ Sant Eusebi, 40-44, 08006 Barcelona, tel. 93 414 15 97, <http://www.rainalupa.com>